

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

8338 *Real decreto 635/2015, do 10 de xullo, polo que se regula o depósito legal das publicacións en liña.*

A Lei 23/2011, do 29 de xullo, de depósito legal, establece na disposición derradeira terceira que no prazo máximo dun ano o Goberno, por proposta do titular do Ministerio de Cultura, hoxe Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, regulará mediante real decreto e no ámbito das súas competencias, oídas as comunidades autónomas e os sectores implicados, o procedemento de xestión do depósito das publicacións electrónicas.

As publicacións electrónicas, tanto as que se editan en soporte tanxible como as que se distribúen en liña, supuxeron un cambio no propio concepto de documento. Algunhas publicacións, como os libros electrónicos, manteñen unhas características semellantes ás dos libros en papel; en cambio, noutros tipos de recursos, especialmente nos sonoros, a unidade documental evolucionou dun conxunto de pezas publicadas nun único soporte tanxible á presentación e oferta a través das redes de datos de cada unha das pezas individuais. Por outra banda, naceron tamén recursos novos, froito das posibilidades que abre o mundo da internet.

O preámbulo da Lei 23/2011, do 29 de xullo, recoñece que as formas de expresión intelectual e artística evolucionaron, que se crearon novos medios de publicación e hoxe en día as publicacións electrónicas forman parte do patrimonio bibliográfico e documental dos distintos países, facendo imprescindible a revisión das normativas sobre depósito legal. Por esta razón, a Lei 23/2011, do 29 de xullo, inclúe no artigo 4.3, letras n) e ñ), as publicacións electrónicas e os sitios web como publicacións obxecto de depósito legal.

Con respecto ao cumprimento desta obriga de depósito, que o artigo 8 da Lei 23/2011, do 29 de xullo, lle atribúe ao seu editor ou produtor, cabe sinalar que os procedementos de identificación e recollida deste patrimonio se deben adecuar ás características dos novos tipos de publicacións e ás necesidades de conservación e difusión que presentan. Ao mesmo tempo, deberanse ter en conta os medios e recursos de que dispoñen os suxeitos obrigados, de forma que se facilite a constitución do depósito das publicacións en liña e se garanta a seguridade na transferencia dos datos ao longo de todo o proceso, respectando en todo caso a lexislación en materia de propiedade intelectual. A Lei 23/2011, do 29 de xullo, utiliza a expresión publicacións «sen soporte físico tanxible» en contraposición a aquelas «con soporte tanxible». Este real decreto utiliza a expresión «en liña» para referirse ás publicacións sen soporte físico tanxible; emprega así o termo máis común no mundo das publicacións electrónicas.

Todo o proceso de constitución e xestión do depósito legal das publicacións en liña se someterá aos principios establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en particular no que se refire á publicidade activa en materia de información institucional, organizativa e de planificación.

O presente real decreto estrutúrase en tres capítulos que tratan respectivamente das disposicións xerais, da obriga do depósito legal e do procedemento de xestión das publicacións en liña. Consta de once artigos, dúas disposicións adicionais e tres disposicións derradeiras.

O capítulo I establece que o obxecto deste real decreto é o de regular o procedemento de xestión do depósito dos sitios web e dos recursos neles contidos e, no artigo 1.2, especificase que o réxime xurídico do depósito das publicacións electrónicas en soporte físico tanxible está xa regulado pola Lei 23/2011, do 29 de xullo, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas.

Así mesmo, á marxe da potestade que teñan as comunidades autónomas de xestionar o depósito legal das publicacións en liña, para garantir a unidade do sistema, a cohesión

territorial, o adecuado intercambio de información e o máximo aproveitamento dos recursos dispoñibles, as actuacións relativas ao depósito legal das publicacións en liña serán coordinadas no marco do Consello de Cooperación Bibliotecaria, ao ser o órgano colexiado de composición interadministrativa que canaliza a cooperación bibliotecaria entre as administracións públicas, tal e como establece o número 2 do artigo 15 da Lei 20/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas.

As publicacións electrónicas en soporte tanxible teñen, desde o punto de vista do depósito legal, as mesmas características que as publicacións en soporte de papel e queda por iso xa establecido na Lei 23/2011, do 29 de xullo, quen son os suxeitos obrigados a solicitar o número de depósito legal e a constituír o seu depósito.

O capítulo II precisa qué recursos en liña son obxecto de depósito legal e cales quedan exentos desta obriga, ao tempo que fixa quen son os suxeitos obrigados a constituír o dito depósito, respectando en todo caso a lexislación sobre protección de datos.

O capítulo III recolle a regulación da xestión e constitución do depósito legal das publicacións en liña. As actuacións que se realicen en aplicación deste capítulo non outorgan dereito ningún de propiedade intelectual nin tampouco lexitiman as ditas publicacións.

Debido á complexidade do tratamento dos recursos difundidos en liña, o presente real decreto simplifica o seu procedemento de xestión. Elimina case por completo o papel das oficinas de depósito legal na xestión do depósito destas publicacións, incluída a asignación de número de depósito legal, co que se reduce a carga de xestión dos responsables da constitución do depósito. Neste ámbito, ás oficinas de depósito legal correspóndelles unicamente a actuación en caso de incumprimento do obrigado por este real decreto, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 23/2011, do 29 de xullo, e de acordo coa normativa autonómica que sexa de aplicación. Por outra banda, esta simplificación da xestión significa que as obrigas dos editores ou produtores dos sitios web en acceso aberto son nulas, e poucas e de doado cumprimento no caso dos sitios web dos contidos de acceso restrinxido.

Este real decreto foi sometido a informe das comunidades autónomas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da Axencia Española de Protección de Datos, de organizacións e asociacións cuxos fins gardan relación directa co obxecto da norma e do Consello de Cooperación Bibliotecaria.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de xullo de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular o procedemento de xestión e constitución do depósito legal das publicacións en liña, coa finalidade de cumprir co deber de preservar o patrimonio bibliográfico, sonoro, visual, audiovisual e dixital das culturas de España en cada momento histórico e permitir o acceso a el con fins culturais, de investigación ou información, de conformidade co disposto na Lei 23/2011, do 29 de xullo, de depósito legal, así como na lexislación sobre protección de datos e propiedade intelectual.

As publicacións en liña forman parte do patrimonio documental e bibliográfico, de conformidade co previsto nos artigos 48 e seguintes da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

2. O depósito legal das publicacións electrónicas en soporte tanxible, incluída a solicitude do número de depósito legal e a constitución deste, regularase mediante o

establecido pola Lei 23/2011, do 29 de xullo, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas.

3. O depósito dunha mesma publicación en soporte tanxible non exime do seu depósito en liña.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, enténdese por:

a) Captura: identificación e recolección de sitios web a partir do emprego de programas informáticos que levan a cabo un proceso de seguimento de enlaces co fin de arquivar os contidos que conforman un recurso web determinado.

b) Depósito: almacenamento dos contidos capturados polos centros de conservación ou transferidos a estes nun repositorio que garanta a preservación a longo prazo e o acceso por parte dos usuarios, dentro dos límites establecidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

c) Editor ou produtor dun sitio web: persoa física ou xurídica titular do dominio onde se aloxa o sitio web ou, de ser o caso, a persoa física ou xurídica a quen o titular do dominio cedese validamente e con carácter total o dereito á utilización, xestión e explotación do sitio web e, en particular, a decisión sobre os contidos aloxados ou accesibles no sitio.

d) Oficina de depósito legal: centro depositario.

e) Publicación en liña: información ou contido de calquera natureza difundido nun soporte electrónico non tanxible, arquivado nun formato determinado e susceptible de identificación e tratamento diferenciado, que sexa obxecto de difusión. Os sitios web considéranse publicacións en liña.

f) Recurso: entidade, tanxible ou intanxible, que recolle o contido intelectual, artístico ou de calquera outra índole e que está concibida, producida ou editada como unha unidade.

g) Rede privada: aquela que utiliza un espazo de enderezos sen conexión directa a nin desde a internet, polo que non aparecen na rede pública. Serve para conectar equipamentos dunha organización (intranet) ou de varias organizacións (extranet).

h) Repositorio seguro: plataforma dixital de conservación que cumpre os requisitos que establecen as normas técnicas internacionais para a auditoría e certificación da fiabilidade dos repositorios.

i) Sitio web: punto de acceso electrónico formado por unha ou varias páxinas agrupadas nun dominio da internet.

j) Sitio web libremente accesible: aquel que ten un URL público e, polo tanto, é visible para todos os usuarios da internet.

k) Soporte non tanxible: soporte virtual dunha obra ou contido difundidos a través de redes electrónicas.

l) Soporte tanxible: soporte físico dunha obra ou contido.

CAPÍTULO II

Da obriga do depósito legal das publicacións en liña

Artigo 3. *Publicacións en liña obxecto de depósito legal.*

Serán obxecto de depósito legal, xunto cos metadatos que inclúan, todo tipo de sitios web e as publicacións contidas neles –tanto de acceso libre coma restrinxido–; calquera que sexa o procedemento de produción, edición ou difusión; calquera que sexa o soporte ou medio non tanxible polo cal sexan distribuídas ou comunicadas; calquera que sexa a localización física do servidor ou servidores a partir dos cales se difunden ás redes electrónicas; e calquera que sexa o dominio que albergue a publicación; sempre que conteñan patrimonio bibliográfico, sonoro, visual, audiovisual ou dixital das culturas de España; e sempre que cumpran algunha das condicións seguintes:

- a) Que estean en calquera das linguas españolas oficiais;
- b) Que estean producidas ou editadas por calquera persoa física ou xurídica que teña o seu domicilio, residencia ou establecemento permanente en España;
- c) Que estean producidas ou editadas baixo un nome de dominio vinculado ao territorio español.

Así mesmo, o depósito legal incluírá calquera outra forma, presente ou futura, de contido electrónico difundido a través de redes de comunicación.

Artigo 4. *Publicacións en liña excluídas do depósito legal.*

Sen prexuízo das exclusións a que fai referencia o artigo 5 da Lei 23/2011, do 29 de xullo, non serán obxecto de depósito legal as seguintes publicacións en liña:

- a) Os correos e a correspondencia privada.
- b) Os contidos que estean albergados unicamente nunha rede privada.
- c) Os ficheiros de datos de carácter persoal aos cales só ten acceso un grupo restrinxido de persoas.

Artigo 5. *Suxeitos obrigados a permitir o depósito legal das publicacións en liña.*

O editor ou produtor do sitio web onde se encontren aloxadas as publicacións en liña serán os obrigados a facilitar o seu depósito legal de acordo co establecido nos artigos 7 e 8.

CAPÍTULO III

Procedemento de xestión e constitución do depósito legal das publicacións en liña

Artigo 6. *Xestión do depósito legal das publicacións en liña.*

1. Os xestores do depósito legal das publicacións en liña son os centros de conservación. De acordo co artigo 9.2 da Lei 23/2011, do 29 de xullo, son centros de conservación a Biblioteca Nacional de España e os que determinen as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias.

2. Os centros de conservación, de conformidade co obxecto deste real decreto, establecido no artigo 1, determinarán qué sitios web e qué recursos son os que se capturarán ou depositarán para ser conservados e poder así facilitar a súa consulta, respectando a lexislación sobre protección de datos de carácter persoal e propiedade intelectual, e seguindo o criterio de lograr a mellor representatividade do mundo da internet e de conseguir unha recolección o máis completa posible de publicacións tales como libros e revistas electrónicos.

3. Os centros de conservación comunicarán ao centro depositario en que teña o seu domicilio, residencia ou establecemento permanente o editor ou produtor o incumprimento das obrigas de depósito de publicacións en liña por parte dos suxeitos obrigados, para os efectos de que o dito centro depositario emprenda as accións de control e verificación do cumprimento das obrigas en materia de depósito legal que procedan e se exerza, se é o caso, a potestade sancionadora de acordo co establecido no capítulo V da Lei 23/2011, do 29 de xullo, así como na normativa autonómica que sexa de aplicación.

Os titulares dos dereitos recoñecidos neste real decreto poderán exercelos de conformidade coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como co resto de normas aplicables.

4. Non se asignará número de depósito legal ás publicacións en liña. De acordo co artigo 14.6 da Lei 23/2011, do 29 de xullo, os editores ou produtores de publicacións en liña poderán solicitar número ISBN («International Standard Book Number») ou outro identificador numérico estándar aceptado polos organismos internacionais competentes.

Artigo 7. Depósito legal das publicacións en liña libremente accesibles.

1. Os centros de conservación poderán capturar as publicacións en liña que fosen obxecto de comunicación pública e os sitios web accesibles a través de redes de comunicacións.

2. Co obxecto de facilitar a captura ou o depósito dos datos por parte dos centros de conservación, o editor ou produtor de sitios web e demais publicacións en liña libremente accesibles permitirá que os centros de conservación procedan á súa recolección nas condicións indicadas neste artigo.

3. Sen prexuízo do establecido na disposición adicional segunda, os procedementos de selección e captura das publicacións en liña accesibles a través de redes de comunicacións, así como a frecuencia con que se realizarán as ditas capturas, serán establecidos, dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais, pola Biblioteca Nacional de España, centro de conservación de ámbito estatal, e polos centros de conservación das comunidades autónomas.

Artigo 8. Depósito legal das publicacións en liña de acceso restrinxido.

1. O editor ou produtor de sitios web e demais publicacións en liña de acceso restrinxido estará obrigado a facilitar a recolección destes, achegando, de ser o caso, aos centros de conservación as claves que permitan o acceso e a reprodución da totalidade dos contidos ou sitios web, ou a proporcionar a súa transferencia a través de redes de comunicación ou noutro soporte

2. O editor ou produtor deberá proporcionar os medios para que toda publicación en liña, detectada e capturada de acordo co establecido no número anterior, poida ser consultada e reproducida no futuro sen que sexa necesaria a introdución de ningunha clave para a súa consulta ou conservación. Así mesmo, o editor ou produtor das publicacións en liña, cuxo uso estea limitado no tempo, deberá facilitar aos centros de conservación os medios ou claves necesarios para garantir que as ditas publicacións poidan ser consultadas de forma permanente.

3. Cando razóns tecnolóxicas ou doutra índole así o aconsellen, os centros de conservación poderán requirir ao editor ou ao produtor a entrega, a través de redes electrónicas, dos recursos obxecto de depósito legal nos formatos en que estean editados.

4. O cumprimento destas obrigas non poderá prexudicar os lexítimos intereses dos titulares dos dereitos nin entrar en conflito coa explotación comercial que eles fagan do dito material.

En ningún caso o cumprimento do disposto neste artigo poderá supor aos editores ou produtores unha carga económica adicional á directamente derivada da mera posta á disposición dos contidos e sitios web que permita dar cumprimento á obriga legal de depósito das publicacións en liña.

Artigo 9. Conservación e acceso das publicacións en liña.

1. Os centros de conservación serán responsables da preservación das publicacións en liña cuxa custodia teñen encomendada.

2. A Biblioteca Nacional de España e os centros de conservación das comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos competenciais, poderán acordar a constitución dos repositorios que consideren necesarios para conservar e difundir as publicacións en liña capturadas ou entregadas, co obxectivo de conseguir a maior eficiencia na súa xestión.

3. Cando os repositorios a que se refire o número anterior inclúan recursos de acceso restrinxido, a consulta destes por parte dos usuarios levarase a cabo unicamente desde os terminais instalados nas sedes da Biblioteca Nacional de España e dos centros de conservación das comunidades autónomas, respectando a lexislación sobre protección de datos de carácter persoal e propiedade intelectual.

4. De acordo co artigo 37.1 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, os centros de conservación poderán reproducir, reformatar, rexenerar e transferir os recursos para garantir a súa conservación, respectando a lexislación sobre propiedade intelectual. Os titulares de dereitos sobre obras ou prestacións protexidas con medidas tecnolóxicas eficaces deberán facilitarlles aos centros de conservación a información e os medios adecuados para garantir a realización das reproducións dos ditos recursos.

Os suxeitos obrigados serán os responsables de facilitar a información que permita transferir os datos do soporte orixinal ao soporte de conservación.

5. A documentación xerada na xestión do depósito legal das publicacións en liña será tratada conforme os principios establecidos no Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica e as normas técnicas de interoperabilidade que lle sexan de aplicación. Así mesmo, todo o proceso de xestión do depósito legal destas publicacións se someterá aos principios establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Artigo 10. *Colaboración na conservación das publicacións en liña.*

1. A Biblioteca Nacional de España e os centros de conservación designados polas comunidades autónomas poderán establecer acordos de colaboración con aquelas entidades públicas ou privadas que dispoñan de plataformas de distribución en liña das publicacións e recursos dixitais que elas mesmas editen ou produzan, e que sexan consideradas como «repositorios seguros», para os efectos de conservación, sempre que estas plataformas cumpran os requisitos necesarios para desempeñar a dita función, de acordo cos criterios establecidos polos centros de conservación e baixo a súa supervisión.

2. Os acordos que se leven a cabo entre os centros de conservación e as entidades públicas ou privadas que manteñan as citadas plataformas incluírán, entre outros aspectos, os seguintes:

- a) As características do repositorio da entidade colaboradora.
- b) Os procedementos para a conservación das publicacións ou recursos da entidade colaboradora.
- c) O período de vixencia da colaboración.

3. Cando, en virtude do indicado no puntos anterior, se estableza un acordo de colaboración cunha entidade, o centro de conservación non capturará os recursos da dita entidade, e quedará esta obrigada a conservar as publicacións e recursos, así como a manter a plataforma activa nas condicións estipuladas durante o período de vixencia do acordo. A entidade colaboradora facilitará o acceso aos seus recursos nas mesmas condicións que as establecidas para os centros de conservación.

4. En caso de desaparición por calquera causa das entidades públicas ou privadas a que se refiren os puntos anteriores ou de que estas deixen de cumprir as condicións que anteriormente fixeron posible o acordo de colaboración, os recursos en liña conservados nas ditas entidades deberán ser entregados ao centro de conservación estipulado no acordo.

5. Así mesmo, a partir do momento en que se produzan as circunstancias que imposibiliten o cumprimento dos compromisos de conservación e consulta adquiridos polas ditas entidades, estas deberán cumprir coa obriga do depósito legal, tal como se estipula no artigo 7.

6. A Biblioteca Nacional de España e os centros de conservación das comunidades autónomas manterán actualizada a relación daquelas plataformas de distribución que acordan cooperar como repositorios seguros do depósito legal, especificando cales son as características do seu repositorio, que recursos serán conservados pola entidade colaboradora, así como o período de vixencia da colaboración.

Artigo 11. *Identificación dos dominios por parte das entidades responsables da súa xestión e dos axentes rexistradores.*

As entidades responsables da xestión do rexistro de nomes de dominio da internet establecidas en territorio español proporcionarán á Biblioteca Nacional de España e aos centros de conservación das comunidades autónomas os nomes de dominio rexistrados ante elas, por requirimento dos ditos centros de conservación.

Así mesmo, as persoas físicas ou xurídicas que actúen como axentes rexistradores de nomes de dominio proporcionarán a mesma información respecto dos dominios vinculados ao territorio nacional que non estean incluídos nalgún dos rexistros establecidos en España a que se refire o parágrafo anterior.

Disposición adicional primeira. *Non incremento de gasto público.*

Este real decreto non poderá supor incremento neto de gasto público e o seu funcionamento terá que realizarse cos medios materiais e persoais dispoñibles actualmente na Administración, sen incremento de dotacións nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional segunda. *Colaboración entre os centros de conservación.*

A Biblioteca Nacional de España e os centros de conservación designados polas comunidades autónomas establecerán as canles de colaboración necesarias para:

- a) Evitar, de conformidade co disposto na Lei 20/2013, do 19 de decembro, de garantía da unidade de mercado, a imposición de cargas administrativas innecesarias ou duplicadas por parte dos obrigados a permitir o depósito legal das publicacións en liña.
- b) Garantir que as cargas administrativas que se impoñan non supoñan custos para os editores e produtores de publicacións en liña.
- c) Establecer políticas comúns para a captura de contidos e o desenvolvemento de coleccións, para os efectos de dar cumprimento ás obrigas de depósito legal das publicacións en liña previstas neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.2 da Constitución española, que establece que, sen prexuízo das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial, e facilitará a comunicación cultural entre as comunidades autónomas, de acordo con elas.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Corresponde ao titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ditare, dentro do ámbito das súas competencias, as disposicións que poidan ser necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de xullo de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
ÍÑIGO MÉNDEZ DE VIGO Y MONTOJO